

# A Deputación da Coruña financiou un acto organizado por unha unha asociación afín ao BNG que deu insolvencia para non afrontar impagos a traballadores

O venres 14 de decembro a Rede Galega de Empresas organizou un acto no Hotel Compostela baixo o lema Foro Socio Cultural entre Galiza e Portugal, que de acordo coa imaxe publicitaria do evento, estivo subvencionada pola Deputación da Coruña, concretamente polo área de cultura que dirixe a candidata á alcaldía de Santiago de Compostela e nacionalista Goretti Sanmartín

O Diario Oficial de Galicia publica no seu número 214 do 10 de novembro de 2017, que Iza Comercial e Rede Galega de Empresas dá en insolvencia para non ter que afrontar una débeda de 11.124,66 euros cunha traballadora. Esta insolvencia é reafirmada o propio día 14 de decembro de 2018, polo propio DOG número 238.

En varias sentenzas do Xulgado do Social de Compostela queda probada que Iza Comercial e Rede Galega de Empresas pertencen a Manuel Vázquez, histórico dirixente do Bloque Nacionalista Galego en Santiago de Compostela.

Segundo a normativa laboral vixente, calquera ingreso que obteña a empresa deberá destinarse a afrontar a débeda coas traballadoras.

## DOCUMENTOS PROBA:

DOG 238 do 14 de decembro de 2018:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181214/AnuncioG0007-231118-0002\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181214/AnuncioG0007-231118-0002_es.html)

## IMAXE PROMOCIONAL:

<https://www.facebook.com/rede.galegadeempresas/photos/pcb.2072829846341341/2072829053008087/?type=3&theater>

## IMAXES DO ACTO:

<https://www.facebook.com/photo.php?fbid=10216091104101731&set=pcb.10216091228064830&type=3&theater>